



ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA

1.- Renovación da matrícula para o curso 2017/2018:

Do 1 de Xuño ao 9 de Xuño

- . Só para alumnado xa matriculado na Escola Municipal de Música no curso anterior
- . Os impresos de renovación de matrícula poden obterse na Casa da Cultura, no Rexistro do Concello, na Oficina da Xuventude ou na páxina web do Concello.
- . Unha vez abonado o importe da matrícula na entidade bancaria, presentar o impreso no Rexistro Xeral do Concello, debidamente cumprimentado e selado pola entidade bancaria, ata o 9 de Xuño.
- . Ningún alumno ou alumna poderá matricularse si ten recibos pendentes de pago
- . Exclusivamente para alumnado que curse 1º de linguaxe musical no presente curso, cubrir no impreso de renovación de matrícula a elección do instrumento.

Para o curso 2017-2018 o alumnado poderá elixir entre as seguintes especialidades:

- . 2 prazas: Clarinete
- . 3 prazas: Frauta traveseira
- . 1 praza: Guitarra
- . 1 praza: Saxofón
- . 2 prazas: Percusión
- . 2 prazas: Trompa
- . 2 prazas: Trompeta
- . 1 praza: Bombardino
- . 1 praza: Violín

Se o número de solicitudes supera as prazas dispoñibles nalgunha das opcións ofertadas, a adxudicación dos instrumentos farase por medio: **SORTEO PÚBLICO**

Terá lugar o día **13 de Xuño** ás 19h. na Aula 1 da Escola de Música (Casa da Cultura)

- . Os/as solicitantes que non obteñan praza quedarán en listaxe de espera para cubrir posibles baixas que teñan lugar durante os primeiros tres meses do curso lectivo.
- . O alumnado que non formalicen a matrícula dentro do prazo serán dados de baixa para o curso 2017-2018.
- . O alumnado que pertenza a Banda Municipal ou ao Coro Municipal de adultos deberán cubrir o impreso de matrícula, indicando na casilla correspondente a que formación pertencen.



2.- Preinscrición novo alumnado curso 2017 – 2018: **Do 1 de Xuño ao 9 de Xuño.**

- . So para **alumnado de novo ingreso.**
- . Os impresos de preinscrición para novo ingreso, poderán obterse na Casa da Cultura, no Rexistro Xeral do Concello, na Oficina da Xuventude ou na páxina web do Concello.
- . Presentar o impreso no Rexistro Xeral do Concello debidamente cumprimentado.
- . A preinscrición é obligatoria para todas aquelas solicitudes de novo ingreso.
- . Para acceder ao curso **Música e Momevento I**, o neno ou nena terá cumpridos os 5 anos de idade antes do 1 de Xaneiro de 2018.
- Música e movemento I : 12 prazas
- Música e movemento II: 6 prazas

No suposto de que o número de solicitudes supere as prazas dispoñibles nalgunha das opcións ofertadas, a adxudicación dos instrumentos faráse por medio: **SORTEO PÚBLICO.**

O sorteo público terá lugar o día **13 de Xuño** do 2017 ás 19h. na Aula 1 da Escola de Música (Casa da Cultura, Pintor Lloréns)

. **Todos e todas aquelas solicitantes que non consigan praza quedarán automaticamente en listaxe de espera, para cubrir posibles baixas que se produzan durante os primeiros tres meses do curso lectivo.**



3.- Formalización da matrícula do alumnado de novo ingreso:

Do 16 de Xuño ao 23 de Xuño.

- . Os impresos de formalización de matrícula para o alumnado de novo ingreso poderán obterse na Casa da Cultura, no Rexistro Xeral do Concello, na Oficina da Xuventude ou na páxina web do Concello.
- . Unha vez, abonado o importe da matrícula na entidade bancaria, presentar o impreso no Rexistro Xeral do Concello, debidamente cumprimentado e selado pola entidade bancaria.
- . A non formalización da matrícula dentro do prazo establecido, entenderase coma renuncia da praza, cubríndose ésta por riguroso orde da listaxe de espera.
- . Todos e todas aquelas solicitantes que non consigan praza quedarán automaticamente en listaxe de espera, para cubrir posibles baixas que se produzan durante os primeiros tres meses do curso lectivo.
- . Por razóns didácticas, non se admitirá novo alumnado dende o 1 de Xaneiro do 2018

A lista provisional de alumnado admitido será exposta no taboleiro da Escola Municipal de Música e no taboleiro de anuncios do Concello o día 14 de Xuño.

A lista de alumnado admitido será exposta no taboleiro da Escola Municipal de Música e no taboleiro de anuncios do Concello o día 27 de Xuño.

- Registro Xeral do Concello: Edificio de Servicios administrativos, Avda. da Mariña nº 25
Planta baixa. Horario: Luns a Venres de 9 a 14 horas